



## PLAN ANUAL DO INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA (IGCC) 2025

### PRESENTACIÓN

O artigo 51 da Constitución de 1978 establece que os poderes públicos garantirán a defensa das persoas consumidoras e usuarias, protexendo, mediante procedementos eficaces, a seguridade, a saúde e os lexítimos intereses económicos destas e que promoverán a información e a educación das persoas consumidoras e usuarias, fomentarán as súas organizacións e oírán estas las cuestións que poidan afectar aqueles, nos termos que a lei estableza.

Pola súa banda, no artigo 38 da Constitución recoñécese o sistema de libre empresa no marco da economía de mercado e precisa que os poderes públicos protexerán o seu exercicio.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 30. 1.4, outorga competencias exclusivas sobre comercio interior e defensa do consumidor e do usuario, sen prexuízo da política xeral de prezos e da lexislación sobre defensa da competencia.

Como consecuencia desa competencia exclusiva en materia de defensa do consumidor e do usuario, por medio da Lei 8/1994, do 30 de decembro, creouse o Instituto Galego de Consumo (IGC), que exerce no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia as devanditas competencias de defensa do consumidor, ratificado na disposición adicional segunda da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.

En canto as competencias da Comunidade Autónoma en materia de defensa da competencia, estas derivan da Sentenza do Tribunal Constitucional do 11 de novembro de 1999, que recoñece de modo explícito a competencia executiva das comunidades autónomas con competencias en materia de comercio interior para aplicar no seu territorio as normas de defensa da competencia no que se refire as condutas que teñan ou poidan ter efectos restritivos sobre a libre concorrência nos mercados.

Facendo uso desas competencias promulgouse a Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, que foi substituída pola Lei 1/2011, do 28 de febreiro, reguladora do Consello Galego da Competencia (CGC).



A vinculación das competencias entre a defensa do consumidor e o funcionamento do mercado interior a nivel europeo xa se pon de manifesto en diferentes normas. Poden citarse, a título de exemplo, as consideracións 3 e 4 da Directiva 2011/83/EU, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro, sobre os dereitos dos consumidores, onde se indica que o artigo 169, número 1 e número 2, letra a), do Tratado de funcionamento da Unión Europea (TFUE) establecen que a Unión contribuirá a que se alcance un alto nivel de protección dos consumidores mediante as medidas que adopte en virtude do seu artigo 114 e que, segundo o artigo 26, número 2 do TFUE, o mercado interior debe comprender un espazo sen fronteiras interiores no cal están garantidas a libre circulación de mercadorías e servizos e a liberdade de establecemento.

A lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, no seu artigo 38 autoriza a creación do Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC) como organismo autónomo adscrito á consellería competente en materia de consumo, que terá como fins xerais e obxectivos básicos a defensa, protección, promoción e información dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, e a garantía, promoción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores e consumidoras.

A través da estrutura administrativa do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, perséguese valores como a eficacia e a eficiencia na xestión, ao tempo que se procura un reforzo dos dereitos das persoas consumidoras nun mercado máis transparente e competitivo.

Polo decreto 118/2016, do 4 de agosto, creouse o organismo e se aprobaron os seus estatutos de funcionamento, no que se detallan as funcións específicas e o seu réxime xurídico, que é o establecido no título III da lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A disposición adicional primeira do decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se creou o organismo e se aprobaron os seus estatutos de funcionamento, indica o seguinte: "O Instituto Galego de Consumo e o Consello Galego da Competencia quedan integrados dentro do Instituto Galego do Consumo e da Competencia que, de acordo co establecido no número 2 do artigo 38 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, asumirá os medios persoais e materiais e as competencias que na actualidade corresponden ao Instituto Galego de Consumo e ao Consello Galego da Competencia, que se suprimirán no momento da súa entrada en funcionamento, sen que supoña incremento ningún de gasto público".

Na disposición adicional segunda do decreto ao que fai referencia o parágrafo anterior, o persoal funcionario de carreira, laboral fixo e persoal interino que preste os seus servizos e prestar servizos no IGC e no CGC, pasara a desempeñar postos de traballo no IGCC. O novo organismo IGCC é un organismo autónomo, adscrito á consellería competente en materia de consumo. O IGCC ten a sede institucional na cidade de Santiago de Compostela.



Polo que respecta a súa personalidade xurídica, ten personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesouraría propios, así como autonomía de xestión, dentro dos límites que establezan a normativa vixente e no seu estatuto.

En canto a estrutura do IGCC ven recollida no artigo 8 do decreto de creación. A presidencia a ostenta a consellería con competencias en materia de consumo e conta cun consello reitor sendo ámbolos os órganos de goberno do organismo. O novo organismo ten órganos executivos como son a dirección e a xerencia e conta cunha estrutura administrativa tanto en servizos centrais coma en periféricos. O IGCC ten ademais órganos adscritos como son a Xunta Arbitral de Consumo de Galicia, o Consello Galego de Consumidores e Usuarios e a Comisión Galega da Competencia. O laboratorio de Consumo de Galicia queda adscrito á consellería de adscrición do organismo, a través do IGCC



## FUNCIÓNS E COMPETENCIAS DO IGCC

O artigo 4 do Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o novo organismo e se aproban os seus estatutos de funcionamento, recolle as funcións e competencias do IGCC, que son as seguintes:

- a) Orientar, formar e informar as persoas consumidoras e usuarias sobre os seus dereitos e a forma de exercelos e de difundir o seu coñecemento, co fin de que se teñan en conta e se respecten por todos aqueles que interveñan no mercado e por aqueles aos cales poida afectar directa ou indirectamente en relación cos bens e servizos.
- b) Potenciar o establecemento e desenvolvemento das organizacións de persoas consumidoras e usuarias.
- c) Promover e levar a cabo os estudos que permitan unha prognose adecuada da problemática do consumo, así como levar a cabo ensaios comparativos, análises de laboratorio e, en xeral, todos os procedementos técnicos que se precisen para o mellor coñecemento dos bens, produtos e servizos que se oferten ao consumidor e usuario.
- d) Elaborar e difundir información para facilitar ás persoas consumidoras e usuarias a elección, con criterios de racionalidade, dos bens, produtos e servizos xenéricos máis adecuados ás súas necesidades.
- e) Impulsar a formación da cidadanía, como persoas consumidoras e usuarias, propoñendo aos organismos competentes a adopción de programas de educación para o consumo nos distintos graos do ensino e realizar as actuacións necesarias para asegurar que a devandita formación sexa permanente.
- f) Cooperar e colaborar coas administracións públicas e outras institucións públicas ou privadas, a través de acordos e convenios de colaboración, no ámbito dos obxectivos deste organismo.
- g) Potenciar a mediación e a arbitrase para a resolución dos conflitos en materia de consumo, organizando e xestionando o funcionamento da Xunta Arbitral de Consumo de Galicia.
- h) Realizar actuacións de inspección e sanción no ámbito de protección das persoas consumidoras, de acordo coas disposicións vixentes.
- i) Velar para que os produtos e servizos postos á disposición das persoas consumidoras e usuarias incorporen a información e os niveis de seguridade legalmente exixibles, e realizar campañas de control nos diferentes sectores do mercado galego, de maneira especial as dirixidas a evitar a fraude, a publicidade enganosa ou a utilización de cláusulas abusivas.



- j) Poñer en coñecemento dos organismos competentes da Administración propostas e iniciativas en relación coas funcións e competencias do instituto.
- k) As que de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, corresponden ao Instituto Galego de Consumo.
- l) A aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, segundo os criterios establecidos pola Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.
- m) Preservar, garantir e promover a existencia dunha competencia efectiva nos mercados, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- n) Exercer todas as funcións, competencias e potestades que sexan precisas para o desenvolvemento e exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia de protección das persoas consumidoras e defensa da competencia.



## RECURSOS ECONÓMICOS DO IGCC

O artigo 46 do Decreto 118/2016, do 4 de agosto, establece que os recursos económicos dos que disporá o IGCC para o cumprimento dos seus fins son os seguintes:

- a) As transferencias consignadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Os ingresos propios que perciban como contraprestación polas actividades que poidan realizar en virtude de contratos, convenios ou disposicións legais para outras entidades públicas ou privadas ou persoas físicas, en especial as derivadas da actuación do Laboratorio de Consumo de Galicia
- c) O produto da alienación dos bens e valores que constitúan o seu patrimonio, de acordo co establecido na lexislación de patrimonio da Comunidade Autónoma.
- d) O rendemento procedente dos seus bens e valores
- e) As achegas voluntarias, doazóns, herdanzas, legados e demais achegas a título gratuito de entidades privadas e particulares.
- f) Os ingresos recibidos de persoas físicas e xurídicas como consecuencia do patrocinio de actividades ou instalacións.
- g) Os ingresos provenientes de multas e sancións.
- h) As taxas e demais ingresos de dereito público ou privado que estea autorizado a percibir
- i) Calquera outro recurso que se lle poida atribuír.

Non se considerarán recursos económicos, para os efectos do número anterior, os ingresos por multas e sancións mentres non sexa firme en vía administrativa ou xurisdiccional o acto de imposición, de tal xeito que as devolucións de ingresos provenientes multas e sancións como consecuencia da revogación do acto de imposición se executarán en primeiro termo con cargo aos ingresos provenientes de multas e sancións.



## MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS

Como xa se sinalou anteriormente, o IGCC contará co persoal funcionario de carreira, laboral fixo e persoal interino que no momento de constitución do IGCC exercía as súas funcións no IGC e no CGC.

Unha vez constituído o IGCC e de acordo co artigo 38.2 do decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea este organismo e se aprobaron os seus estatutos de funcionamento, por proposta da dirección do IGCC, logo de informe favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e función pública, o consello reitor do IGCC será quen acorde a aprobación da relación dos postos de traballo ( RPT) para a súa posterior aprobación polo Consello da Xunta de Galicia.

En tanto non se conte coa nova RPT, o persoal funcionario de carreira e o laboral fixo que preste os seus servizos, no Instituto Galego de Consumo e no Consello Galego da Competencia, pasará a desempeñar postos de traballo no Instituto Galego do Consumo e da Competencia e a prestar servizos nel como persoal funcionario, na mesma situación en que se encontraba, ou como persoal laboral destinado no instituto, con efectos desde a data da súa entrada en funcionamento e con recoñecemento da súa antigüidade e de todos os seus dereitos adquiridos e que poidan corresponderlles



## O PLAN ANUAL DE ACTIVIDADE DO IGCC PARA 2025

O artigo 70º da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, establece a obriga de elaborar un plan anual de actuación do IGCC que deberá ser aprobado por orde da consellería de adscrición dentro do marco do programa plurianual desta última, contando co informe favorable da consellería competente en materia de facenda consonte o establecido pola lexislación do réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.

O contido do plan de acción incluirá, en todo caso:

- a) Os obxectivos e resultados que deben ser alcanzados polo organismo.
- b) Os recursos persoais, materiais e orzamentarios precisos para alcanzar os obxectivos e resultados fixados.

O plan anual de actuación do IGCC para 2025 que a continuación se presenta cumpre co mandato do artigo 70º da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia.

Este plan será sometido a aprobación do consello reitor do organismo e logo será elevado para a súa tramitación de acordo co artigo 70º da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia.

**No ano 2025 están previstas actuacións por importe de 7,73 M €**



## LIÑA ESTRATÉXICA 2025

O plan do IGCC para o ano 2025 é o cuarto dun total de 5 dentro da **Estratexia de protección as persoas consumidoras para o período 2020/2025** que foi aprobado polo consello reitor do IGCC e que ten por obxecto lograr un alto nivel de protección na nosa CA e se enmarca na "Nova Axenda Europea da persoa Consumidora 2020-2025"; nese sentido, comparte os obxectivos contemplados" na mesma e se incardina dentro do ámbito competencial da nosa CA en materia de protección das persoas consumidoras.

Contempla tres ámbitos de actuación que son os seguintes:

- ✓ Transformación Dixital
- ✓ Persoas Consumidoras Vulnerables
- ✓ Formación e Educación sostible, económica, integral e inclusiva.

Dentro de cada ámbito de actuación desenvólvense as accións e programas que se levarán a cabo o ano 2025, directamente polo Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC), que é o organismo con competencias na materia de protección das persoas consumidoras en Galicia, o en colaboración con outras autoridades, organismos o entidades interesadas.



## Antecedentes

### Persoal

A situación do persoal no IGCC é como segue:

| Persoal  | IGCC |
|----------|------|
| Nas RPTS | 144  |

Foi elaborada e aprobada polo Consello Reitor unha proposta de RPT que actualmente se atopa en tramitación .

Na táboa seguinte pódese ver a evolución do orzamento en materia de persoal do IGCC dende o exercicio 2014.

| Orzamento<br>Capítulo I | 2014      | 2015      | 2016      | 2017      | 2018      | 2019      |
|-------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
|                         | 4.200.328 | 4.491.943 | 4.538.233 | 4.620.067 | 4.759.621 | 4.860.835 |

| 2020      | 2021      | 2022      | 2023      | 2024      | 2025      |  |
|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|--|
| 5.079.867 | 5.173.195 | 5.276.659 | 5.648.483 | 5.813.302 | 6.124.873 |  |

A suba no ano 2015 foi consecuencia da incorporación do custe de persoal do CGC( Consello Galega da Competencia) ao orzamento, xa que ata entón tiñan ámbolos dous organismos orzamentos diferenciados.

As subas dos anos 2016 e 2017 teñen que ver coa a recuperación das pagas extras do persoal e non supoñen incremento de dotación efectiva nesta materia.

No ano 2018 houbo un incremento de salario do 1,5 % en xaneiro e un adicional do 0,25 % a partir do mes de xullo.

No ano 2019 houbo un incremento do 2 % en xaneiro e 0,5 % en xuño

Neste ano 2020 o incremento é debido a subida do 2 % do salario e a recuperación do complemento administrativo con carácter retroactivo.

No ano 2021 produciuse un incremento do 0,9 % debido ao complemento retributivo previsto pola administración xeral do Estado.

No ano 2022 , a Lei 4/2022, do 22 de novembro, aprobou unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público de Galicia, en aplicación do previsto no Real Decreto Lei 18/2022, do 18 de outubro, polo que



se aproban medidas en materia de retribucións do persoal ao servizo do sector público.

O incremento salarial producido foi do 3,5 % (el 2 % a primeiros do año e o 1,5 % restante en novembro).

Durante o ano 2023, aplicouse unha suba do 2,5 %, á que se lle engadiron outros dous incrementos do 0,5 %

No ano 2024 produciuse un incremento do 2 % con efectos do 1 de xaneiro.

Para o 2025 o incremento previsto é do 2 %.

### **Actividade**

A actividade do IGC ven detallada no anexo I a este informe e como resume destacamos os seguintes datos:

Dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2024 o IGCC ten atendido **37.518 consultas**, un 1% menos que no ano 2023. Destacar que neste ano 2024 continúan a descender nun 20% as consultas en materia de enerxía, logo de terse reconducido as incidencias detectadas polo cambio de tarifa, aínda que seguen a ocupar a primeira posición en canto a número ao representar un 26,51% das totais.

Así mesmo, se teñen presentado **20.279 reclamacións** (un 54% das consultas) fronte as 22.813 do ano 2023 (un 11% menos). Novamente, un descenso do 43% das reclamacións en materia de enerxía dan resposta a este descenso.

Emitíronse **3.014 laudos**, fronte aos 3.016 do ano anterior, pero Galicia continúa a ser das primeiras comunidades autónomas en número de laudos emitidos.

En canto a **actividade sancionadora**, destacar a tramitación de **1.254 expedientes sancionadores**, fronte aos 1425 do ano anterior, con imposición de sancións de 11,1 M €. Polo que respecta ao recadado polo IGCC no ano 2024, estes ascenderon a un total de 3,9 M €.



*Dotación prevista para o plan anual 2025 (€)*

| TIPOLOXÍA DO GASTO                               | 2025             |
|--------------------------------------------------|------------------|
| Persoal                                          | 6.124.873        |
| Operativa do servizo                             | 614.844          |
| Teléfono de balde                                | 385.810          |
| Operativa Defensa da Competencia                 | 12.000           |
| Toma de mostras                                  | 5.000            |
| Laboratorio                                      | 60.741           |
| Fomento da arbitrase                             | 96.203           |
| Formación e Educación                            | 113.300          |
| Concursos e premios                              | 11.700           |
| Axudas e Bolsas de Formación                     | 109.867          |
| Convenios e axudas a Asociacións de consumidores | 175.000          |
| Campañas e soportes informativos                 | 26.394           |
| <b>Dotación total</b>                            | <b>7.735.732</b> |

| Orzamento de gastos por Liñas estratéxicas                         | 2025             |
|--------------------------------------------------------------------|------------------|
| Xestión de recursos, estruturas e funcionamento                    | 6.739.717        |
| Inspección, control de mercado e seguridade dos produtos           | 65.741           |
| Operativa de Defensa da Competencia                                | 12.000           |
| Protección da persoa consumidora, mediación e arbitrase de consumo | 96.203           |
| Escola Galega de Consumo                                           | 261.261          |
| Información, participación e comunicación en materia de consumo    | 560.810          |
| <b>Dotación Total</b>                                              | <b>7.735.732</b> |



*Dotación anual 2025 por capítulos*

| CAPÍTULO       | TIPOLOXÍA DO GASTO                                                                                             | 2025      |
|----------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|
| I-II           | Gastps de persoal e de operación do IGCC                                                                       | 6.735.277 |
| II             | Gastos correntes para a defensa da competencia                                                                 | 12.000    |
| II             | Gastos correntes para actuacións en materia de inspección e defensa dos consumidores e usuarios                | 43.588    |
| IV             | Transferencias correntes a asociacións de consumidores para colaborar na atención e resolución de reclamacións | 151.000   |
| IV             | Formación sobre consumo responsable e dereitos dos consumidores                                                | 109.867   |
| VI             | Investimentos para o mantemento na seguridade dos produtos                                                     | 26.593    |
| VI             | Fomento da arbitrase                                                                                           | 96.203    |
| IV-VI          | Actividade da Escola Galega de Consumo                                                                         | 125.000   |
| VI             | Servizos presenciais, telefónicos e telemáticos para a atención ao consumidor                                  | 385.810   |
| VI             | Campañas e divulgación en materia de consumo                                                                   | 26.394    |
| VII            | Transferencias de capital a asociacións de consumidores para actividades de sensibilización                    | 24.000    |
| DOTACIÓN TOTAL |                                                                                                                | 7.735.732 |

| Orzamento de gastos por capítulos | 2025      |
|-----------------------------------|-----------|
| Capítulo I                        | 6.124.873 |
| Capítulo II                       | 665.992   |
| Capítulo IV                       | 272.567   |
| Capítulo VI                       | 648.300   |
| Capítulo VII                      | 24.000    |
| Dotación Total                    | 7.735.732 |



## ACCÍONS DENTRO DA ESTRATEXIA DIXITAL DE PROTECCIÓN ÁS PERSONAS CONSUMIDORAS 2020/2025: ANO 2025

### **Ámbito de actuación: Transformación Dixital**

#### **Acción 1: Profundizar na dixitalización do IGCC**

##### **Programa ConsumoMarco**

- Ampliación da dixitalización nos procedementos extraxudiciais de resolución de conflitos desenvolvidos polo IGCC
- Dixitalización do procedemento sancionador
- Dixitalización do procedemento en materia de seguridade das persoas consumidoras. Programa Zebra
- Dixitalización do Laboratorio de Consumo de Galicia
- Proxecto piloto de follas de reclamación dixitais:QR

### **Ámbito de actuación: Transformación Dixital**

#### **Acción 2: Dixitalización da información á persoa consumidora**

##### **Programa ConsumoResponde**

- Modificación e actualización da web
- Creación de formatos para web e redes sociais
- Creación de puntos de encontro virtuais de carácter periódico. Iniciativa Venres de Consumo Responde.

### **Ámbito de actuación: Transformación Dixital**

#### **Acción 3: Plan anual de Inspección Ecommerce**

- Elaboración e execución do Plan Anual de inspección Ecommerce 2025

### **Ámbito de actuación: Transformación Dixital**

#### **Acción 4: Dotación de ferramentas e capacidades ao persoal supervisor**

- Elaboración e posta en marcha do procedemento para á vixilancia do mercado no Ecommerce de bens e servizos
- Actuación da autoridade competente como “Mystery Shopping” o “Cliente misterioso” (CMS)
- Dotación de equipos informáticos coas características requiridas para actuar como CMS
- Dotación da “tarxeta bancaria opaca”
- Realización do plan anual de formación do persoal investigador



**Ámbito: Persoas consumidoras vulnerables**

**Acción 5: Plan formativo para colectivos vulnerables**

**Programas: ConsumoSenior, ConsumoLocal e ConsumoAccesible**

- Redacción do plan formativo para colectivos vulnerables
- Continuación do Programa Consumo Senior, Consumo Local e Consumo Accesible a través da iniciativa Consumo Responde, tanto presencial como virtual.
- Convenios de Colaboración con entidades de maiores, sociais e asociacións de consumidores
- Axudas a asociacións de consumidores

**Ámbito: Formación e Educación sostible, económica, integral e inclusiva**

**Acción 6: Creación da Aula Virtual de Consumo**

**Programas: ConsumoEduca/ConsumoXenero/ConsumoResponsable/  
ConsumoVideoteca/ConsumoEcommerce**

- Dotación de contidos para a aula virtual de consumo
- Desenvolvemento dos programas: Programa ConsumoEduca, ConsumoXénero e consumoResponsable e ConsumoLecer
- Concursos/premios: Galicons-net , Consumópolis.

**Ámbito: Formación e Educación sostible, económica, integral e inclusiva**

**Acción 7: Simulador de “Ecommerce”**

- SimuladorEcommerce

**Ámbito: Formación e Educación sostible, económica, integral e inclusiva**

**Acción 8: creación dunha ludoteca virtual**

- Creación de contidos para a ludoteca virtual



## ACCÍONS DA COMISIÓN GALEGA DA COMPETENCIA

O funcionamento competitivo dos mercados é unha das garantías do benestar das persoas consumidoras e usuarias. Por este motivo, a actuación coordinada desde a perspectiva da protección das persoas consumidoras e da defensa da competencia que vai poder desenvolver o IGCC é un dos seus activos máis importantes.

Desde a perspectiva da competencia, **a Comisión Galega da Competencia ten dous eixos principais: a defensa e a promoción da competencia**. O primeiro centrado na persecución e sanción de condutas anticompetitivas e o segundo en promover os valores da competencia como instrumento para mellorar o funcionamento dos mercados.

**A defensa da competencia** estrutúrase principalmente ao redor de tres categorías de condutas prohibidas: os pactos colusorios, os abusos de poder de mercado e as prácticas desleais con incidencia no funcionamento do mercado, recollidas respectivamente nos artigos 1º, 2º e 3º da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.

Prestará unha especial atención á aplicación das regras da competencia no ámbito da contratación pública para garantir a defensa do interese público, xa que a competencia entre os licitadores asegura que as entidades do sector público poidan beneficiarse das mellores ofertas en prezo, calidade e innovación dos bens e servizos contratados e unha falta de competencia leva a un maior custo económico para o sector público

Por outra banda, **a promoción da competencia** consolidouse nos últimos anos como un complemento necesario das tradicionais actividades de represión das prácticas anticompetitivas levadas a cabo tanto polas autoridades de competencia como polos órganos xurisdicionais.

A Comisión Galega da Competencia, dentro das súas funcións de promoción, examinará sectores económicos da Comunidade Autónoma para analizar a adaptación de súa estrutura e funcionamento aos principios da competencia.

**As reclamacións de danos por infraccións de competencia**, no marco da nova directiva, están chamadas a desempeñar unha función moi importante por dúas razóns:

- Van facilitar que as empresas pero, sobre todo os consumidores, sexan indemnizados polos danos que lles causan determinados cárteis o monopolios, especialmente en aqueles casos nos que hai un número moi elevado de prexudicados (pensemos en mercados como telefonía, electricidade, carburantes etc.)
- Van reforzar o efecto disuasorio das sancións de competencia pois en moitos casos ao importe da multa sumárase posteriormente o da indemnización.



A Comisión Galega da Competencia pode xulgar un papel importante para facilitar estas reclamacións.

#### **Liña de acción 1. Promoción de defensa da competencia**

A liña refírese ao custe das tarefas relacionada coa promoción da defensa da competencia.

#### **Liña de acción 2. Accións formativas e divulgativas da Comisión de Competencia**

Esta liña de acción ten como obxectivo por unha banda, achegar á cidadanía a importancia das funcións e actividades da Comisión da Competencia e, por outra banda, realizar actividades formativas de carácter especializado e específico para potenciar o intercambio de coñecemento e o análise sobre temas concretos.

#### **Liña de acción 3. Colaboración co CNMC e con outras autoridades de competencia**

#### **Liña de acción 4. Posibilidade de ser consultada en materia de contratación pública**

#### **Liña de acción 5. Arbitraje en materia de competencia.**



### Indicadores do plan anual 2025

- 1.- Nº de consultas e reclamacións atendidas
- 2.- Nº de entradas na páxina web do IGCC
- 3.- Grado de cumprimento do plan anual de Control de mercado
- 4.- Número de análises do Laboratorio de Consumo de Galicia
- 5.- Nº de notificacións de Rede de Alerta
- 6.- Nº de expedientes sancionadores
- 7.- Nº de Sancións impostas e importe de recadación procedente de expedientes sancionadores
- 8.- Nº de informes realizados pola Comisión Galega de Competencia
- 9.- Nº de Resolucións da Comisión Galega de Competencia e importe de recadación procedente de expedientes sancionadores
- 10.- Normas elaboradas
- 11.- Nº de laudos emitidos
- 12.- Nº de empresas adheridas á arbitrase de consumo
- 13.- Nº de centros e alumnos participantes nos programas da Escola Galega de Consumo
- 14.- Nº de actuacións e participantes nos programas de consumo responsable da Escola Galega de Consumo
- 15.- Nº de cursos ofertados, participantes e horas de formación realizadas pola Escola Galega de Consumo
- 16.- Campañas y soportes informativos realizados polo IGCC
- 17.- Nº de actividades formativas y divulgativas de promoción da competencia